

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Departamento de Deportes

## **BOIRO ACOLLERÁ UNHA PROBA DE DUATLÓN ESCOLAR**

Dentro do programa de *actividade deportiva en idade escolar 2015* que promove a Xunta de Galicia, "XOGADE", o Departamento de Deportes do Concello de Boiro organizará un DUATLÓN (carreira a pé + carreira en bicicleta + carreira a pé) o **xoves 5 de marzo**, a partir das **10:30 h.** e ata as **12:30 h.** Esta actividade desenvolverase ao longo da mañá ao pé do paseo marítimo, na explanada do bar "A UBI" e participarán nela rapaces e rapazas nas categorías **benxamín** (nados nos anos 2005 e 2006), **alevín** (nados nos anos 2003 e 2004), **infantil** (nados nos anos 2001 e 2002) e **cadete** (nados nos anos 1999 e 2000). Está confirmada a participación de preto de 150 corredores dos colexios de Santa María do Castro (Cabo de Cruz), Praia Xardín (Boiro), Cespón (Boiro), Santa Baia (Boiro) e tamén doutros centros educativos da comarca: Pobra do Caramiñal, Riveira, Xuño...

Tendo como requisito que cada participante aporte a súa bicicleta e o casco, a organización poñerá a disposición dos escolares o traslado en autobús de todo o material dende as paradas correspondentes ata o centro educativo e, dende aquí, ata o lugar da proba. Unha vez rematada a competición, os participantes voltarán aos centros educativos antes do remate da xornada lectiva de mañá.

Haberá trofeos para todos os centros participantes (competición por equipos) e tamén para os 8 primeiros clasificados de cada categoría.

A normativa técnica desta competición será a seguinte:

### **NORMAS TÉCNICAS**

#### **PARTICIPACIÓN.**

Poderán inscribirse nesta competición de duatlón tódolos centros de ensino co número de rapaces/zas que desexen, nas categorías **benxamín** (nados nos anos 2005 e 2006), **alevín** (nados nos anos 2003 e 2004), **infantil** (nados nos anos 2001 e 2002) e **cadete** (nados nos anos 1999 e 2000).



**E obrigatorio estar dado de alta no seguro obrigatorio a través da páxina de Web “xogade.xunta.es”. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaria Xeral para o Deporte “deporte.xunta.es”**

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN.**

A competición será única nas catro categorías e só se recollerá a clasificación a nivel individual, recibindo medalla os tres primeiros clasificados de cada categoría e modalidade (masculina e feminina) según a orde de entrada na meta.

### **REGRAS DE XOGO.**

- Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.
- Os participantes realizarán primeiro a carreira a pé, desprazándose ata un punto determinado e volver.
- Ao rematar a carreira, os corredores diríxense aos boxes. Alí teñen que poñer primeiro o casco e logo coller a bicicleta. Hai que levar a bici coa man (sen montar) ata o punto de saída da bici. Alí súbese na bici e realízase o percorrido establecido para cada categoría.
- Ao rematar o percorrido da bicicleta, hai que desmonar da bici, levala pola man ata os boxes, deixala ben colocada, sacar o casco e logo realizar o tramo final de carreira (non se pode realizar o último tramo de carreira co casco posto).
- Unha vez concluído o último tramo de carreira, dase por finalizada a proba.

### **CATEGORÍAS E DISTANCIAS A PERCORRER (aproximadamente...)**

<b>Categorías</b>	<b>Distancias a percorrer</b>		
Benxamín (2005-2006)	500 m. correndo	2.000 m. en bicicleta	250 m. correndo
Alevín (2003-2004)	1.000 m. correndo	4.000 m. en bicicleta	500 m. correndo
Infantil (2001-2002)	1.500 m. correndo	6.000 m. en bicicleta	750 m. correndo
Cadete (1999-2000)	2.000 m. correndo	8.000 m. en bicicleta	1.000 m. correndo

### **REQUISITOS.**

Cada participante aportará a súa propia bicicleta. Ésta non é necesario que sexa específica de ciclismo.

- Será obrigatorio o casco protector para as carreiras en bicicleta.

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Departamento de Deportes

# DUATLÓN

## Concello de Boiro

### 2015

**XOVES 5 de marzo**

**10:30 H.**

**Avenida Avellaneda**

#### PARTICIPANTES

Poderán participar nesta actividade rapaces e rapazas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete dos centros de ensino de Boiro.

<b>BENXAMÍN</b>	Masculino e feminino, nados nos anos 2005 e 2006.
<b>ALEVIN</b>	Masculino e feminino, nados nos anos 2003 e 2004.
<b>INFANTIL</b>	Masculino e feminino, nados nos anos 2001 e 2002.
<b>CADETE</b>	Masculino e feminino, nados nos anos 1999 e 2000.

#### SISTEMA DE COMPETICIÓN – CATEGORÍAS – DISTANCIAS A PERCORRER

<b>BENXAMÍN</b>	500 m. carreira	2.000 m bicicleta	250 m. carreira
<b>ALEVIN</b>	1.000 m. carreira	4.000 m bicicleta	500 m. carreira
<b>INFANTIL</b>	1.500 m. carreira	6.000 m bicicleta	750 m. carreira
<b>CADETE</b>	2.000 m. carreira	8.000 m bicicleta	1.000 m. carreira

#### Maís información:

Departamento de Deportes do Concello de Boiro.

Casa da Cultura "Ramón Martínez López"

Parque da Cachada.

Tfno: 981 84 84 25

E-mail: [deportes@boiro.org](mailto:deportes@boiro.org)

**Organiza:**



**BOIRO**  
DEPORTES

**Colabora:**

